



quattro idcp

A operadora e a axencia galegas recolleron o galardón esta mañá na sede do Parlamento de Galicia en Compostela

R e quatro idcp gañan o XXVIII Premio de Publicidade en Galego cun vídeo de ánimo e agradecemento á xente galega na pandemia

- ***O traballo “Vai escampar” editouse en 2020, en plena pandemia do coronavirus, para animar e lles dar as grazas a certos colectivos e ás persoas de Galicia en xeral polo seu esforzo nas duras semanas do confinamento e da crise sanitaria.***
- ***Os “Premios de Publicidade en Galego” son convocados anualmente pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia para premiar accións publicitarias desenvolvidas en lingua galega e promover o uso do idioma nesta contorna profesional.***

Luns, 3 de outubro de 2022.- Alfredo Ramos, director do operador galego de telecomunicacións **R** e máis Jaime Conde, director da axencia galega de publicidade **quattro idcp** recolleron este mediodía no Parlamento de Galicia o *Premio de Publicidade en Galego* na categoría de televisión polo seu traballo audiovisual “Vai escampar”, realizado en 2020, en plena pandemia do coronavirus. https://youtu.be/Lq4ARyuK_II,

A intención primeira e última do vídeo é a de lles agradecer en imaxes o seu esforzo, compromiso e dedicación aos colectivos máis implicados e/ou afectados pola crise sanitaria, incluíndo igualmente todas as persoas de Galicia que viviron na terra as semanas tan difíciles do confinamento e as consecuencias da pandemia.

#VaiEscampar

Con esta clara referencia ao mítico refrán galego (‘nunca choveu que non escampara’), **R** quixo lanzar unha mensaxe que lle infundise unha boa dose de ánimo á xente e, ao tempo, recoñecer o labor dos colectivos profesionais que estaban a demostrar no confinamento de 2020 a súa implicación plena na loita contra o coronavirus.

Sensible a esta realidade, a axencia **quattro idcp** apostou por un vídeo emocional centrado nas palabras coa intención de salientar un sentimento compartido. Non era momento de producións espectaculares: tratábase dun traballo “feito na casa”, para colocarse a carón das persoas e transmitirles esas emocións nuns momentos tan complexos. A súa sinxeleza é, polo tanto, a súa maior forza.

A pegada de Dylan

A peza, difundida en televisión e en medios dixitais, inspirouse no traballo de Bob Dylan “Subterranean Homesick Blues”, considerado un dos primeiros vídeos musicais da historia. E casualmente, o vídeo de Dylan editouse case nas mesmas datas que #Vai escampar pero 55 anos antes: o 22 de marzo de 1965. O músico estadounidense, con aquelas cartolinas escritas á man tentaba retratar o estado das cousas nese momento e dende a rúa. **R** e **quattro**, con este traballo, fan algo semellante dende a casa.

Jaime Conde, director de **quattro idcp** salientou en la entrega de premios que *"durante a pandemia, a sociedade esixía que as marcas estivesen do lado da xente, sen imposturas; e iso só é posible se hai detrás anos de traballo para construír unha marca sólida, relevante e honesta (...) A historia de **quattro idcp** está intimamente ligada á de **R** e sentímonos profundamente orgullosos de ter contribuído a consolidar e transmitir os valores da marca ao longo de máis de 20 anos de traballo compartido, que se teñen materializado en decenas de campañas e accións de publicidade, nas que a frescura, o carácter galego e a firme aposta pola lingua foron sempre unha constante"*.

Pola súa banda, Alfredo Ramos, director de **R**, revalidou as palabras de Jaime Conde ao asegurar que *"cando camiñas a carón dunha empresa que comprende o que procuras e a onde queres chegar, o traballo é sempre moi doado; **quattro** coñece **R** dende o berce e sen dúbida que é unha peza esencial no mantemento dos valores da nosa marca ao longo dos tempos. Valores que falan de compromiso, de apego á terra e de agarimo a Galicia. Mostra disto é, sen ir máis lonxe, este vídeo, “Vai escampar”, co que nos intentamos achegar á nosa xente e transmitirle todo o apoio do mundo en momentos tan duros como os que vivimos en 2020"*.

Sobre os Premios de Publicidade en Galego

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convoca, con periodicidade anual, os *Premios de Publicidade en Galego*, coa fin de promover o uso da lingua galega no ámbito publicitario en cumprimento do Plan Xeral de Normalización Lingüística.

As bases desta XXVIII edición estableceron cinco premios categorizados segundo o medio de difusión: radio, televisión, Internet, prensa escrita e máis un galardón extraordinario para proxectos elaborados polo alumnado de centros educativos; todos eles realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

Para cada categoría (agás a educativa), establécense dúas modalidades de premio: un, para a empresa anunciante e outro para a axencia de publicidade.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal